



## ACORDO DE PRÓRROGA PARA O ANO 2026

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTÓN CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (XUNTA DE GALICIA) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL "FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY" NA CORUÑA.

No lugar e na data da sinatura dixital

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024 do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

A Excelentísima Deputación Provincial da Coruña está rexistrada co número E-1335 no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e dispón do centro de menores Emilio Romay, situado na Avenida Ferrocarril, nº 43 na Coruña. Neste centro préstanse servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas socio-familiares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas, etc. na súa propia familia.

Con este obxecto asinouose o día 30 de decembro de 2022 un convenio de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a entón Consellería de Política Social e Xuventude.

Na cláusula décima do convenio establécese a vixencia ata o 31 de decembro de 2023 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Con data do 29 de decembro de 2023 foi asinada unha prórroga do convenio con vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Con data do 30 de decembro de 2024 foi asinada unha prórroga do convenio con vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Na súa virtude, e tendo en conta o importante labor que está a desenvolver esta institución na atención de menores, ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,





## ACORDAN

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 30 de decembro de 2022, por un ano e con efectos desde o 1 de xaneiro do 2026 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

**Segundo.-** O importe previsto da prórroga do convenio de colaboración para o ano 2026 é de 325.904,85 €.

Para este convenio non se establece revisión do prezo.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 08.02.312B.228.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este acordo de prórroga do convenio de colaboración para o ano 2026, no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política  
Social e Igualdade  
A conselleira

Fabiola García Martínez

Pola Excelentísima Deputación  
Provincial da Coruña  
O presidente

Valentín González Formoso

